

O FIADEIRO : EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA (EDL)

AS CABAZAS...NO FUTURO SOSTIBLE DO SEIS

SAMAÍN 2022




Estimadas familias:

Como todos os anos, nestas datas, celebraremos o SAMAÍN, palabra gaélica, que non significa máis que fin do verán, principio do inverno. Na antiga cultura céltica o tempo de Samaín, especialmente a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro, era o período máis importante do ano. Eran datas claves para se reunir nos camposantos, comer o ritual e comunal porco de Samaín e concelebrar as xoldras festeiras dos guerreiros. Era a noite máis perigosa do ano: as portas do outromundo abríanse nesas horas e as ánimas eran quen de vir visitar este mundo e aos seus moradores: a maioría das veces para render contas inacabadas.



Todo o relacionado con esta festa é unha riqueza impresionante que forma parte da nosa cultura e temos, como adultos a responsabilidade de que non se perda, contándollo aos nosos nenos e nenas. Queremos seducir ás familias, que se apaixonen con este mundo máxico e llo traspasen aos máis cativos e cativas.



Un mundo que non defende as súas tradicións culturais tende a desaparecer. A globalización está facendo que perdamos a nosa identidade.

Seguro, que nas súas casas hai xente que aínda se lembre destas lendas. Fagan assembleas na casa para contarllas a toda a familia e comenten todo o relacionado con ela e as súas vivencias.

Este ano imos facer **EXPOSICIÓN DE CAVEIRAS DE CABAZAS no exterior,** polos xardíns facendo alusión ao tema “ O futuro que queremos”.

Deberán vir talladas por dentro, poñerlle unha candeia e que sexan **naturais**, non de plástico. O aconsellable é facelas en familia, aportando uns momentos nos que os nenos e nenas aprenden da xente maior, con atención, tranquilidade e admiración , colaborando mutuamente.

Se as elaboran neste fin de semana , disfrútanas na casa e as traerán ao cole o **día 2 de novembro**, para seducir a toda a Comunidade Educativa. Deixámolas dous días e pódenas levar para a casa. Ao mellor algunha xa podreceu e hai que tirala.

Lembrámoslles que como festa tradicional galega non se disfrazaba ninguén. Recomendamos que se alguén se disfrazo, se faga dacordo á nosa festa do Samaín. E tamén practicar os principios dos **Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS)**.

Na Biblioteca dispoñen de moitos libros sobre o Samaín. Animádevos a visitar a súa páxina:

atlasdossonhos.blogspot.com

Visita o noso blog no que hai recursos sobre o Samaín de todo tipo.

ofiadeirodoseis.blogspot.com

